



Título: *Poesía española. La nueva poesía (1975-1992)*
Autor: Miguel García-Posada
Editorial: Edit. Crítica, Barcelona, 1996
Núm. pp.: 266
Tamaño: 19,5 x 12

Alguén dixo que as antoloxías, coma os pecados, se cometen. Certamente, non deixa de ser paradóxico que estes libros, que xeran violentas críticas e fondas insatisfaccións (as primeiras ós antólogos; as segundas, ós antologables non antologados), amosen ano tras ano unha renovada vitalidade. Xorden poetas novos. Persisten as máis coñecidas canles editoriais (Visor, Renacimiento, Hiperión, Pre-Textos, Comares, etc.) que manteñen interesantes coleccións de libros poéticos. E non falta a atención á lírica en revistas e xornais, aínda que moi lonxe do espacio que ocupa a narrativa. Moitos escriben para poucos pero fieis lectores.

O coñecemento dos vieiros da panorámica poética das décadas máis recentes implica, polo menos, dúas dificultades: a case inabarcable amplitude do publicado e a inmediatez temporal; esta última obstaculiza o axeitado discernimento crítico. As antoloxías, algunhas delas, poden contribuír a clarexala situación, salientando voces escolleitas, títulos fundamentais e tenden-

cias máis cultivadas. No terreo da lírica española de expresión castelá, algunhas seleccións antolóxicas ben recentes tentan, dende supostos diferentes, cumprir esa función. Anotemos, entre elas, *Selección nacional* (Libros del Pexe, 1995), de J. L. García Martín; *La prueba del nueve* (Cátedra, 1994), de Antonio Ortega; *El hilo de la fábula* (A. Ubago, 1995), de Antonio Garrido Moraga; *Los nuevos poetas* (Seuba, 1994), de J. L. García Herrera e *Fin de siglo* (Visor, 1992), de Luis Antonio de Villena.

Neste ámbito entra agora Miguel García-Posada, catedrático e crítico (ben coñecido polos seus estudos e edicións de obras de García Lorca, entre outros traballos), coa súa antoloxía *Poesía española. La nueva poesía (1975-1992)*. Os criterios da mesma, expostos en síntese na páx. 30, indican que o antólogo foi xeneroso na cantidade de antologados que proceden de entre os que están a escribir unha poesía avanzada e novidosa e salientan como cultivadores das máis representativas tendencias de hoxe en día.

O prólogo non deixa de ter utilidade, sobre todo pola tentativa de ofrecer un abano de claves peculiarizadas da lírica posterior ós novísimos ou polo achegamento á “poesía da experiencia”, que moitos críticos consideran hexemónica nestes últimos anos. Outros apartados serían merecentes dun máis amplo desenvolvemento, pois tal e como están tratados resultan insatisfactorios, cousa que acontece tamén co reducido número de poemas co que aparece representado cada poeta.

A selección de nomes, discutible como calquera outra, semella ben feita, axustada. Dos vintecatro elixidos, Miguel D’Ors, Fernando Ortiz, Sánchez Robayna, García Montero, Andrés Trapiello, Jon Juaristi, Martínez Mesanza, Luis Alberto de Cuenca, Ana Rosetti ou Sánchez-Rosillo integran —a carón dalgún outro— o grupo de imprescindible presenza. Dalgún dos restantes nomes (de interese, sen dúbida) haberá que agarda-lo crece-

mento do seu quefacer, malia ter entregado xa algún importante poemario. Cada poeta está precedido dunha nota crítica de conxunto e, ó final, doutra de carácter bibliográfico.

É moi posible que esta antoloxía interese máis ós lectores ou profesores cós poetas e críticos. Mira nela o antólogo cara ó pasado inmediato ou ó presente xa consolidado. Non arrisca, non apunta novas rutas ou voces que estean a agromar. A intención é, máis ben, seleccionar entre o xa colleitado. Pero sen dúbida estamos diante dun meritório traballo de selección e síntese, de guía e orientación nun terreo nada doado de abranguer. Os criterios manexados, sempre persoais, sempre discutibles, están solidamente fundamentados na meirande parte dos casos. En definitiva, un libro para ler, para coñecer e, quizais, tamén para polemizar ou discutir.

Luís Alonso Giraldo

